asociación de actores e actrices de galicia

# XIX PREMIOS DE TEATRO
## MARÍA CASARES

**ORGANIZA**

asociación de actores e actrices de galicia

**PATROCINA**

AGADIC · XUNTA DE GALICIA · Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña · aisge FUNDACIÓN · fundación sgae

**COLABORA**

Padroado de Cultura Concello de Narón · TELEVISIÓN DE GALICIA · centro dramático galego · GADIS · SUPER BOCK · PRODUCCIONES Emsac S.L. · Trevisani

@TuitsdaAAAG #oscasares · www.facebook.com/asociacionactores.actricesgalicia

www.aaag.es





# Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro

## Teatro

*Xurxo Borrazás*

Ser ... basicamente, é ser outro.

Desde cativos xogamos a ser trastes e a ser quen non somos, e no marco dese xogo xogamos outros xogos dramatizados, teatro dentro do teatro, coma se non houbese límites. Xogamos despois a construír o personaxe en escenas de familia, de amor, de revolta, de desamor... Buscamos papeis de adulto e disfrazámonos de adulto para resultar críbeis. Xogamos a ser traballadores, ou pais e nais, sen estar moi convencidos de que eses sexan os papeis da nosa vida. Dicimos que a vida en parella é teatro, que a oficina é teatro, que unha voda, un xuízo, un discurso ou un funeral son

Da mesma maneira non se persegue o teatro, só se adurmece ninguneando as iniciativas ou menosprezando as compañías, racaneando o acceso ás salas, arrombándoo nas programacións culturais, desecando os orzamentos para a formación e o teatro público, subindo impostos para que o prezo actúe de barreira, renunciando á promoción... Ao teatro non hai que cortarlle os pés senón darlle patadiñas nas canelas e regalarlle ás de chumbo para que non voe, obrigar a que cada representación se convirta nunha epopea de actores e actrices que ao tempo deben ser directores, produtores, representantes, iluminadores, músicos, transportistas, maquilladores, escenógrafos, xastres, cobradores... e por suposto ter un traballo aparte que os manteña. O obxectivo último é impedir que o espectáculo se normalice e poida converterse en medio de vida digno, atraente e non desilusionante para quen se apaixone por el.

Aqueles que se toman en serio son sistemáticos. A mesma medicina aplícanllela á literatura, aos medios, mesmo á música... se é en galego, porque a nai de todos os obxectivos é conter a lingua galega como emblema da nosa cultura. Os serios non teñen nada contra o polbo á feira, a praia da Lanzada, o Pórtico da Gloria, o albariño de Cambados ou a romaría da Franqueira. Son os primeiros en chorar cando escoitan unha gaita. O que non aturan é a diferenza da lingua. De maneira que a representación de Galiza prefiren deixala en mans de Enrique Iglesias, David Meca, ou Marina Castaño.

E aínda así no teatro seguimos adiante, escachamos coa risa e fervemos cada vez que se descorre o pano e o público aplaude.

Que frío vai no mundo!
Que ben se está no teatro!

# Premio de Honra Marisa Soto

O Premio de Honra deste ano quer homenaxear a un compañeiro, un home xeneroso dentro e fora dos escenarios, unha persoa indisociábel xa da nosa memoria afectiva. Actor, director e autor teatral, creceu naquela xeración que conseguiu retirar o noso oficio da práctica invisibilidade para alicerzar as bases que posibilitaron a profesionalización e consolidación do noso teatro.

Naceu ben pertiño de Ourense. O Miño a pasar acompañou a súa infancia na aldeiña de Untes, no escenario tráxico da posguerra. E o Miño levouno ao mar, a atravesar coa súa familia aquela inmensa illa de auga rodeada de ceo para enfrentar o guión escrito de fame e miseria e reclamar da vida tempos mellores.

Ese cuestionar o presente para encarar con coraxe camiños incertos fálanos con claridade do seu xeito familiar de amar a profesión e de amar a vida, esa curiosidade permanente por aprender, por investigar, por navegar o Miño e o mar para alcanzar terras firmes. A certeza de saber que além do mar outros mundos son posíbeis concedeulle o privilexio de entender a trascendencia do compromiso solidario para alcanzar novas metas, o privilexio de comprender a esmagadora e tranquila verdade que esconde unha frase que o acompaña desde os seus primeiros días na profesión, na súa adolescencia bonaerense: non se pode ser superficial na vida e pretender ser profundo no teatro.

E nós agradecemos a súa falta absoluta de superficialidade; agradecemos a súa militancia; agradecemos a súa teima na defensa do colectivo, do común; agradecemos a súa presidencia da AAAG; agradecemos a súa palestina; agradecemos o Convenio de Teatro que tanto axudou a conquistar; agradecemos, en definitiva, a súa entrega profunda á profesión como un todo, na escena e na rúa.

A Xunta Directiva da AAAG decidiu por unanimidade outorgar o Premio de Honra Marisa Soto deste ano a VICENTE MONTOTO.

# Nomeados

## Mellor Maquillaxe

Fany Bell
por As Fillas Bravas de Chévere

Fany Bell
A Tempestade de Voadora

Raquel Fidalgo
por Pequenas Certezas de Sarabela Teatro

## Mellor Vestiario

Carlos Alonso
por Ultranoite no País dos Ananos de Chévere

Uxía P. Vaello
por A Tempestade de Voadora

Yaiza Pinillos
por Perplexo de ilMaquinario Teatro

## Mellor Escenografía

Ana Luena
por A Tempestade de Voadora

Carlos Alonso
por Ultranoite no País dos Ananos de Chévere

Carolo Losada Soto
por Kassa de Elefante Elegante

## Mellor Iluminación

Afonso Castro
por Ra Ra Ra de Abrapalabra Creacións Escénicas

Dani Pais
por Kassa de Elefante Elegante

José Álvaro Correia
por A Tempestade de Voadora

Tito Asorey/Germán Gundín
por Perplexo de ilMaquinario Teatro

## Mellor Música Orixinal

Ailén Kendelman
por PAN!PAN! de A Panadaría

Iria Pinheiro, Mónica de Nut, Juanma Ons, Mano Panforreteiro, Kibitka, Manuel Ares, Carlos Suárez, Suso Alonso, Gonçalo Guerreiro e Dani Pais
por Kassa de Elefante Elegante

Jose Díaz, Hugo Torres e Fernando Epelde
por A Tempestade de Voadora

Xacobe Martínez Antelo
por Ultranoite no País dos Ananos de Chévere

## Mellor Adaptación - Tradución

Avelino González e Olga F. Nogueira
por Meu Ben de Eme2 producións

Catuxa Pato/Tito Asorey
por Perplexo de ilMaquinario Teatro

Manuel Cortés e Fernando Epelde
por A Tempestade de Voadora

## Mellor Texto Orixinal

Cándido Pazó
por Demolición de Talía teatro

Manuel Cortés
por Ultranoite no País dos Ananos de Chévere

Quico Cadaval
por Bobas & Galegas (Mofa & Befa no Século de Ouro) de Producións Teatrais Excéntricas

## Mellor Actriz Secundaria

Areta Bolado
por PAN!PAN! de A Panadaría

Mónica García
por As Fillas Bravas de Chévere

Patricia de Lorenzo
por As Fillas Bravas de Chévere

Sabela Gago
por Pequenas Certezas de Sarabela Teatro

## Mellor Actor Secundario

**Borja Fernández**
por A Tempestade de Voadora

**César Goldi**
por Ultranoite no País dos Ananos de Chévere

**Guillermo Weickert**
por A Tempestade de Voadora

## Mellor Actriz Protagonista

**Elina Luaces**
por Meu Ben de Eme2 producións

**Laura Míguez**
por Perplexo de ilMaquinario Teatro

**Luisa Merelas**
por Longa Viaxe cara á Noite de Centro Dramático Galego

**Melania Cruz**
por Perplexo de ilMaquinario Teatro

**Sheyla Fariña**
por Roedores de Redrum Teatro

## Mellor Actor Protagonista

**Fernando González**
por Perplexo de ilMaquinario Teatro

**Fran Lareu**
por Perplexo de ilMaquinario Teatro

**Machi Salgado**
por O Feo de CatroCadeiras

## Mellor Espectáculo infantil

**A Casa do Avó**
de Tanxarina

**As Fabas Máximas**
de Caramuxo Teatro

**Roedores**
de Redrum Teatro

## Mellor Dirección

**Chévere**
por Ultranoite no País dos Ananos de Chévere

**Marta Pazos**
por A Tempestade de Voadora

**Tito Asorey**
por Perplexo de ilMaquinario Teatro

## Mellor Espectáculo

**A Tempestade**
de Voadora

**Perplexo**
de ilMaquinario Teatro

**Ultranoite**
no País dos Ananos de Chévere

# Créditos

## Xunta Directiva

Presidente: **Avelino González**
Vicepresidenta: **Victoria Pérez**
Secretario: **Guillermo Carbajo**
Vogais: **Marián Bañobre, Diego Freire, Ricardo de Barreiro, Vicente Mohedano e Iria Pinheiro**

## Comisión Premios María Casares

**Guillermo Carbajo**
**Victoria Pérez**
**Vicente Mohedano**

## Equipo Gala

Dirección e guión:
**María Torres e Gonçalo Guerreiro. Cía Elefante Elegante**

Dirección Musical: **Vadim Yukhnevich**
Coreografía :**Ánxela Blanco**
Deseño Escenografía: **Suso Montero**
Vestiario: **Marcia Edleditsch, CDG**
Vestiario canción italiana :**Marujita Alegre**
Maquillaxe e Peluquería: **Yolanda Paz**
Asistente de dirección: **Marcial Blanco**

Actores: **Ánxela Blanco, Gonçalo Guerreiro, Iria Pinheiro, Pablo Sánchez e María Torres**

Música: **Kibitka**
Voz e guitarra: Andrey Volodim
Percusión: Antonio Vázquez Seoane
Gaitas e frautas: Manolo Vázquez
Violín: Tania Capón
Clarinete: Alfredo Gómez
Baixo: Yuri Sidar
Voz en off: **Vicente Mohedano**

Atrezzo: **Elefante Elegante, CDG**
Realización e montaxe escenografía: **CDG, Iluminaciones Santiaguesas S.L**
Iluminación e son: **Producciones Emsac S.L**
Video nomeados: **Manuel Silva**
Video Premio de Honra: **TVG**

Produción executiva e Coordinación Xeral: **Marta Horjales**
Administración: **Alberto Blanco**
Comunicación : **Alberto Ramos**
Protocolo e RR.PP: **Trevisani / TRC**
Deseño Cartel e grafismo: **Manuel Silva**
Imprentas: **Grafisant, Creade**

Deseño e realización figura María Casares: **Sargadelos**
Fotografía: **La Diapo, Corsino**
Seguros: **Mapfre**
Asesoría: **Xestión Social**
Notario: **Victor Peón**

## Equipo TVG

Realizador TVG: **Gabi Paz**
Iluminador TVG: **Alberto Goitia**
Produtor TVG: **Carlos Regueira**

## AGRADECEMENTOS

Restaurante La Tita, Mohamed Azibou
Concello da Coruña Equipo Teatro Rosalía Castro, Centro Ágora
Centro Dramático Galego, Iluminaciones Santiaguesas S.L
Equipo TVG, Teatro de Ningures, A.C Manicómicos, Sobre Rodas, Escola de Teatro de Narón